

PLAN DE SOSTIBILIDADE E MEDIO AMBIENTE na UVIGO

Plan SuMA

Presentación ao Consello de Goberno: 3 de outubro de 2007
Aprobado no Consello de Goberno: 18 de decembro de 2007

A sensibilización social polos problemas ambientais incrementouse considerablemente nas últimas décadas. A toma de conciencia do impacto da actividade humana no relativo ao consumo das materias primas, á produción de residuos e á contaminación do contorno está a incidir nunha forte concienciación social sobre o problema ambiental.

Esta concienciación ambiental está sendo reflectida en diversas iniciativas e declaracións na maioría dos países, que se concretan en plans de acción sobre unha terminoloxía xeral de sostibilidade ou desenvolvemento sostible.

Conceptualmente sostibilidade pódese entender como o modelo social que permite satisfacer as necesidades do presente sen pór en perigo as capacidades das xeracións futuras para satisfacer as súas propias. Por conseguinte, a sostibilidade é sinónimo de compromiso e responsabilidade, en que o benestar social e o desenvolvemento económico poidan aumentar sen comprometer os recursos das futuras xeracións. Polo tanto a sostibilidade debe entenderse como unha aposta pola viabilidade futura da sociedade, de tal modo que os principios desenvolvedores do pasado deben ser modulados polo impacto no medio natural e pola análise dos recursos naturais consumidos. A sostibilidade preconiza un crecemento económico ao integrar todas e cada unha das políticas económico-sociais nun contexto ambiental.

En consecuencia, estamos ante un compromiso dende a ciencia, a educación e a cultura. A sostibilidade debe presentarse como un labor plural, conxunto e universal, sen exclusión de ningún axente social, público ou privado, no que debemos estar todos comprometidos na medida da nosa responsabilidade, necesidade e posibilidade.

As universidades como institucións inseridas na sociedade deben comprometerse e asumir a súa responsabilidade no fomento e na implantación de iniciativas sostibles. No caso da universidade pública este compromiso debe ser, se cabe, moito máis decidido e

amplo, e debe incidir, ademais de na utilización de sistemas enerxéticos eficientes e renovables, na difusión de proxectos innovadores, na implantación de formación e no fomento de actividades de I+D. Neste sentido, precisamos desenvolver e fomentar proxectos e programas de colaboración e participación dos nosos servizos e membros con outros axentes sociais: empresas, institucións e administración.

A universidade debe aproveitar o seu papel de liderado, de vangarda e de referencia no relativo á xeración de coñecemento, formación de profesionais e iniciativas innovadoras para promover e potenciar a sostibilidade na sociedade.

Por outra banda, unha sociedade comprometida cun progreso sostible, unha maior cohesión social e un crecemento do benestar social debe ser consciente da importancia da universidade na consecución destes obxectivos.

Na actualidade, a posición da Universidade de Vigo no campo da sostibilidade é claramente notable, tanto polos recursos materiais dispoñibles como pola calidade do profesorado e o número e nivel dos proxectos de investigación. Deste xeito, a Universidade de Vigo está a ser unha referencia no estudo e promoción dunha sociedade sostible, na defensa ambiental e na eficiencia enerxética, referencia que deberá aproveitar dentro dun plan estratéxico xeral que implique un maior compromiso e aposta.

Nesta liña, a Universidade de Vigo presenta o seu compromiso coa sostibilidade a través do denominado Plan de sostibilidade e medio ambiente (Plan SuMA) que se presenta neste documento e que se implantará entre os anos 2007-2009.

O Plan SuMA atópase, no seu nivel de actuacións, no contexto das estratexias e plans sobre o cambio climático, enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética expostos nos ámbitos europeo, estatal e autonómico (*Libro verde* e Plan de acción sobre a eficiencia enerxética de 2006 da Comisión da Unión Europea; Plan de enerxías renovables e Plan de acción E4-Estratexia de aforro e eficiencia enerxética 2004-2012 do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo do goberno de España, Plan enerxético 2007-2012 e Estratexia energos 2006-2009 da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia). E neste sentido, o Plan SuMA ten a vontade de coordinarse e concorrer ás convocatorias europeas, estatais e autonómicas que xurdan.

O Plan SuMA preséntase como un conxunto de accións e iniciativas de compromiso da Universidade de Vigo co desenvolvemento sostible, a eficiencia dos recursos e o respecto ao medio natural.

Este plan, ademais de presentar novas iniciativas, ten a vontade de integrar as accións que se están a desenvolver actualmente na universidade. Neste sentido o Plan SuMA conterà o programa de innovación enerxética, de análise e mellora da eficiencia

enerxética dos seus centros e de integración de enerxías renovables nas edificacións, posto en marcha no ano 2005: as iniciativas da Oficina de Medio Ambiente sobre a recollida, reciclaxe e tratamento de residuos e os estudos do contorno ambiental nos campus; a posta en marcha de instalacións e proxectos singulares nesta temática; as accións de difusión do transporte; e calquera outra iniciativa que xurda das vicerreitorías, servizos ou centros. Neste sentido, faise un chamamento a todas as unidades, centros, órganos de goberno e persoal da comunidade universitaria para colaborar nesta iniciativa.

Este plan ven sendo unha proposta de marca para englobar todas as actividades da Universidade de Vigo no ámbito da eficiencia enerxética, a implantación de enerxías renovables, o respecto ao medio natural e o desenvolvemento sostible. Queremos que a iniciativa do Plan SuMA sirva para promover unha imaxe inequívoca de espazo ecolóxico sostible que acolla propostas técnicas, urbanísticas e artísticas relacionadas con valores ambientais e innovadores dos campus da Universidade.

Polo tanto, o Plan SuMA débese entender como un gran plan en que toda a comunidade universitaria está implicada e é partícipe. É unha “aposta verde” plural e de compromiso da Universidade co futuro sostible da sociedade á cal estamos todos chamados sen escusas. Organicamente, a iniciativa SuMA establécese a través dunha coordinación horizontal das diversas vicerreitorías, unidades, centros e servizos da Universidade de acordo coas accións que se desenvolverán.

Estrutura do Plan SuMA

O Plan SuMA estrutúrase a través de sete programas xerais que engloban as temáticas relativas á enerxía, aos residuos, ao contorno natural, ao patrimonio, á colaboración coa sociedade e ao fomento dunha sensibilización ambiental. Cada un destes programas será de aplicación xeral aos edificios, instalacións e unidades da universidade, e concretaranse en actuacións específicas de acordo coa dispoñibilidade do orzamento e despois dunha avaliación ao longo dos anos, sobre os principios de harmonización e eficiencia. O Plan SuMA disporá dun presuposto para as tarefas de avaliación e estudos, e doutros de execución que se cofinanciarán a través de convocatorias públicas competitivas.

Os programas do Plan SuMA son:

- Programa ESE: eficiencia e sostibilidade enerxética
- Programa R3: reciclaxe e reutilización de residuos

- Programa Tp: transporte
- Programa contornos: contornos natural e patrimonial
- Programa ISI: instalacións singulares de I+D
- Programa CCS: colaboración e compromiso social
- Programa DiS: difusión e sensibilización

Programa ESE: eficiencia e sostibilidade enerxética

Este programa é unha extensión do programa de innovación enerxética, activado no ano 2005, que comprende dous subprogramas diferenciados: i) Subprograma de eficiencia enerxética nas edificacións (E3), que ten como finalidade a avaliación enerxética dos edificios, o estudo de melloras na eficiencia e a implantación de medidas preventivas e correctoras e ii) Subprograma de implantación de enerxías renovables (ER) nas edificacións que ten como obxectivo a instalación de enerxías renovables despois dunha avaliación técnico-económica do proxecto.

O Sub-programa E3 de acordo coas accións que hai que desenvolver pódese estruturar en: acción xeral de análise e auditoría enerxética das edificacións, accións na iluminación dos edificios (de carácter tecnolóxico e de control), accións nas envolturas dos edificios (cubertas, fachadas, illamentos); accións na climatización dos edificios (de carácter tecnolóxico, de control, de confort) e accións de seguimento dos consumos enerxéticos. Pola parte do Sub-programa de implantación de ER as accións están encamiñadas ao estudo técnico-económico de oportunidade de implantación nos edificios actuais e proposta de integración das ER nas novas edificacións.

Programa R3: reciclaxe e reutilización de residuos

A xestión dos residuos ordinarios e perigosos que se están a realizar polos servizos da Universidade complementase e amplíase na dirección da avaliación da súa reciclaxe e reutilización xeral; pretendendo deste modo reducir os consumos internos e sociais.

Programa Tp: transporte

A diversidade tipolóxica dos nosos campus universitarios dificultan unha presentación xeral do problema do transporte. A existencia de campus urbanos e afastados dos centros urbanos aconsellan un estudo específico para cada caso. Non obstante, o programa Tp desenvolverase no sentido de análise do transporte próximo (público e privado), o transporte comarcal e os aparcadoiros, considerando as dúas perspectivas de campus urbano e campus afastado. Neste programa tamén serán considerados os estudos

e iniciativas tendentes á redución do uso do transporte privado individual en beneficio do transporte público ou múltiple, á utilización doutros medios de transporte, cando sexa viable, e calquera outra medida de redución de contaminación do transporte.

Programa Contornos: contorno natural e patrimonial

O programa Contornos ten como finalidade a defensa e conservación do contorno natural, así como do noso patrimonio histórico, artístico e cultural no sentido máis extenso. Deste xeito, o programa conterà ademais das accións de avaliación da flora, fauna, biodiversidade e augas naturais, as de restos arqueolóxicos que se estaban a desenvolver coa recollida e avaliación das obras de interese patrimonial.

Programa ISI: instalacións singulares de I+D

Este programa ten por finalidade resaltar a presenza de grupos de I+D que traballan no ámbito da sostibilidade. Deste modo, o programa ISI preséntase coma unha invitación aos grupos que dispoñan dunha instalación ou proxecto singular no ámbito da sostibilidade a que acheguen o que consideren oportuno para a súa difusión.

Programa CCS: colaboración e compromiso social

Evidentemente, este programa podería ser parte de calquera dos anteriores, na medida en que as accións de eficiencia enerxética, de conservación do contorno e de I+D fanse no seo da sociedade. No obstante, este programa de carácter horizontal, ten por finalidade establecer colaboracións entre a nosa universidade e outras universidades, institucións e empresas para compartir experiencias, información e proxectos institucionais conxuntos no ámbito da sostibilidade. Neste sentido, este programa tamén conterà as iniciativas de colaboración no marco da formación, organización de mesas, congresos etc., no ámbito da sostibilidade.

Programa DiS: difusión e sensibilización

Este programa ten por finalidade a formalización de iniciativas para o fomento da cultura de sostibilidade preferentemente no ámbito universitario. Neste sentido, procurará a sensibilización e a motivación da comunidade universitaria para acadar a súa participación activa nos programas. Para este fin, o Plan terá unha páxina web propia en que se disporá a evolución dos distintos programas.

Anexos e coordinados co Plan SuMA considéranse tres proxectos en termos máis xenéricos e abertos que os programas anteriores. Os proxectos que se presentan teñen por finalidade a análise e proxección de tres zonas extensas da universidade no tocante á urbanización, ao deseño paisaxístico ou urbano, dependendo do caso, ao respecto ao medio natural e á sostibilidade .

Os tres proxectos que se presentan nesta primeira fase correspóndense co Campus de Vigo, As Lagoas, Marcosende, baixo a denominación de Campus Verde; co Campus de Ourense, o Campus Terrae; e co Campus de Pontevedra nomeado Campus Vedra. Os tres proxectos campus conterán unha fase de anteprojecto de ideas, outra fase de avaliación de propostas e unha terceira de programación da execución. Cada un dos proxectos poderá ter unha presentación e programación distintas atendendo á singularidade da zona, aos tempos de execución, ao desenvolvemento da propia zona, e serán xestionados polos vicerreitores con competencias nos campus.

Con carácter xeral todos os proxectos deberán remitir unha imaxe de sostibilidade e de defensa do contorno natural e patrimonial da Universidade de Vigo e, deste modo, as propostas dos programas do Plan SuMA non deberán interferir, senón reforzar, unha imaxe sostible da nosa universidade. En calquera caso, os programas do Plan SuMA serán de aplicación a todos os centros e dependencias da Universidade e a súa execución non deberá interferir nas propostas de urbanización, paisaxísticas ou artísticas dos proxectos dos campus.